

Taller de creación coreográfica desde a tradición

Con Jon Maya

Organizado por:



DESTINATARIOS:

O **Curso de creación coreográfica desde a tradición** propón un espazo de investigación, reflexión e práctica orientado a desenvolver novas perspectivas sobre a danza tradicional en diálogo coa creación contemporánea. A través da exploración doutros vocabularios e linguaxes do movemento, foméntase unha mirada crítica, situada e actual.

A proposta reafirma a danza como unha práctica cultural contemporánea vinculada ao territorio, ao tempo que visibiliza e fortalece os procesos de creación desenvolvidos en Galicia, promovendo o intercambio entre perfís diversos, como bailaríns tradicionais e contemporáneos, coreógrafos e investigadores.

Dirixido a:

- Coreógrafos e creadores maiores de idade con coñecemento e experiencia na danza tradicional galega, e con interese na creación contemporánea e na experimentación.
 - Coreógrafos e creadores con experiencia en danza contemporánea e interese na danza tradicional galega.
 -
-

PROGRAMA e OBXECTIVOS:

En formato de laboratorio de creación e experimentación, contará cunha primeira fase dialogada con contidos teóricos, e dúas xornadas de exploración e experimentación práctica, cun total de 12 horas de duración.

O curso ten como obxectivo ofrecer un espazo de formación, investigación e creación dirixido a coreógrafos e creadores do territorio, centrado na exploración da relación entre a danza tradicional e outros vocabularios contemporáneos do movemento. Partindo do contexto específico de Galicia, onde nos últimos anos se desenvolveu un traballo significativo de hibridación desde a tradición, o taller busca fortalecer e actualizar a linguaxe coreográfica, promovendo novas perspectivas sobre a tradición a través do diálogo técnico e teórico, a práctica corporal e o pensamento crítico.

Ademais, o proxecto pretende favorecer o intercambio de coñecementos, a experimentación artística e a xeración de procesos creativos que impulsen unha evolución sólida e diversa da danza actual vinculada ao territorio.

PONENTE:

Jon Maya Sein.

Director, bailarín e coreógrafo de Kukai Dantza. Iniciouse no mundo da danza aos seis anos, no grupo de danzas Ereintza de Erreterria. Con esta agrupación participou en festivais internacionais de folclore en numerosos países e foi sete veces Campión de Euskadi de Aurraskularis entre os anos 1997 e 2005.

Tras participar no proxecto Laxok, no ano 2002 creou o proxecto **Kukai Dantza** co obxectivo de impulsar unha creación contemporánea a partir da danza tradicional vasca. Desde entón impulsou numerosos proxectos e colaboracións de éxito. O encontro entre diferentes linguaxes artísticos e a capacidade de establecer colaboracións constitúen o selo principal do seu traballo.

Nesta liña, colabora habitualmente con destacados artistas como Marcos Morau, Sharon Fridman, Israel Galván, Cesc Gelabert, Andoni Luis Aduriz, Tanttaka Teatro, Orquesta Sinfónica de Euskadi, entre outros. Foi director artístico de numerosos proxectos e asesor de movemento en varios espectáculos de teatro do Centro Dramático Nacional e da Compañía Nacional de Teatro Clásico.

-PREMIO NACIONAL DE DANZA 2017

-PREMIOS MAX 2008: Espectáculo revelación

-PREMIOS MAX 2015: Mellor Elenco de Danza, Mellor Composición Musical

-PREMIOS MAX 2017: Mellor Espectáculo de Danza, Mellor Elenco de Danza, Mellor Vestuario

-PREMIOS MAX 2019: Mellor Coreografía

-MELLOR ESPECTACULO DE DANZA EN FERIA INTERNACIONAL DE TEATRO E DANZA HUESCA: 2014, 2016

- PREMIO TAC VALLADOLID: 2009, 2019
- PREMIO CRÍTICA CATALUNYA 2017
- PREMIO DONOSTIA DE TEATRO 2002
- PREMIO DE HONOR UMORE AZOKA LEIO

Kukai Dantza

Kukai Dantza é unha compañía que nace e reside en Errenteria (Guipúscoa-País Vasco), creada por iniciativa do bailarín Jon Maya Sein no ano 2001. Tendo como selo a creación contemporánea a partir da danza tradicional, cultivou un linguaxe propio e, ao longo da súa traxectoria, creou numerosos espectáculos e colaboracións de éxito: os espectáculos 'Oskara', 'Erritu', 'Gelajauziak', 'Topa'... colaboracións con coreógrafos como Marcos Morau, Israel Galván, Cesc Gelabert... así como con Tanttaka Teatro.

A compañía impulsou encontros con múltiples linguaxes artísticos (teatro, cinema, artes plásticas, arquitectura, gastronomía...) e destaca a súa capacidade para traballar en espazos e espectáculos singulares, como museos ou espazos naturais.

Os espectáculos de Kukai Dantza representáronse en teatros e festivais de máis de vintecinco países. Recibiu importantes premios, entre os que destacan: Premio Nacional de Danza 2017, Premios MAX ás Artes Escénicas 2009, 2015, 2017 e 2019, Premio da Crítica de Catalunya 2016, Premio Donostia de Teatro, así como premios en festivais internacionais de Huesca e Valladolid, e o Premio de Honra Umor Azoka.

En paralelo ao seu proxecto artístico, na súa residencia de Errenteria, Kukai Dantza desenvolve un proxecto de participación cidadá mediante iniciativas con escolas, colectivos e mozos bailaríns.

DATAS, HORARIO e LUGAR DE IMPARTICIÓN:

Datas:

20, 21 e 22 de febreiro 2026

Horario:

Venres 20 de febreiro de 16:30h a 20:30h

Sábado 21 de febreiro de 10.00 a 14.00h

Domingo 22 de febreiro de 10.00 a 14.00h

Prazo de inscrición ata esgotar prazas

Lugar: Sede SGAE Santiago de Compostela.

Salvadas 2. A Parque Vista Alegre. 15705 Santiago de Compostela

Duración: 12 horas

Prazas limitadas

Matrículas (IVE incluído):

	Socios SGAE	Antigos alumnos	Novos alumnos
Coste do curso	30€	60€	80€

SELECCIÓN DOS ALUMNOS:

Selección de los alumnos:

☐ Coñecemento e experiencia na danza tradicional galega con interese na danza contemporánea, que se deberá indicar no momento da solicitude.

☐ Coñecemento de danza contemporánea con interese na danza tradicional galega, que se deberá indicar no momento da solicitude.

☐ As socias e socios da SGAE terán prioridade sobre outros interesados en caso de lista de espera.

☐ Maiores de 18 anos.

Admitiranse inscricións ata completar as prazas ou ata o **18 de febreiro**, a través do correo electrónico **pblanco@fundacionsgae.org**, indicando no asunto do correo o nome do taller no que se desexa inscribirse.

Prazas limitadas.

A realización do taller estará suxeita a un mínimo de inscritos.

INFORMACIÓN:

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Departamento de Formación

Patricia Blanco
pblanco@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

NOTA: A Fundación SGAE resérvase o dereito de modificar calquera aspecto do programa se as circunstancias o requiren.